

MOBILIDADE ERASMUS+

PARA ALUMNADO DE CICLOS

CURSO: 2025/26

PROXECTO : 2025-1-ES01-KA131-HED-000313957

CONVOCATORIA PARA PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN

Obxecto da convocatoria:

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes para a realización de mobilidades a través de programas Erasmus +, para o alumnado de Ciclo Superior do IES Fernando Blanco do réxime de estudos xeral-modalidade de ordinaria.

Requisitos de participación, obrigas e dereitos

Quen pode solicitar a mobilidade?

O alumnado que estea cursando estudos de Ciclo Superior ou recen titulado (<1 ano) que non estea matriculado en outro curso ou en outro centro.

Proceso de selección

O proceso de selección está descrito no documento PROCESO E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA PARTICIPAR NO PROXECTO ERASMUS+ que se atopa na aula virtual, ao que terás acceso unha vez cuberto o formulario de solicitude, e esteas matriculada no proxecto correspondente (aconsellase revisar frecuentemente a aula virtual do centro para verificar que xa tes activo o curso correspondente ao proxecto Erasmus+)



Que obrigas ten a persoa seleccionada?

Antes da mobilidade:

- a) Realizar a proba de nivel de inglés ou idioma de traballo, a través da plataforma OLS, da comisión Europea.
- b) Obter a Tarxeta Sanitaria Europea.
- c) Contar cun DNI ou Pasaporte en vigor durante o tempo da mobilidade.
- d) Subir á aula virtual do centro, en tempo e forma, a documentación solicitada relacionada coa mobilidade (acordo de aprendizaxe individual asinado, DNI ou Pasaporte, Tarxeta Sanitaria Europea etc.).
- e) Realizar as xestións loxísticas necesarias (aloxamento, transporte, pagamento do curso se procede, etc.)¹
- a) Manter informado ao Equipo de Programas Internacionais, mediante mensaxería da propia aula virtual do proxecto Erasmus+ onde estea matriculado, sobre:
 - As xestións que está a realizar relacionadas cos aspectos loxísticos.

Durante a mobilidade:

- f) Comunicar ó Equipo de Programas Internacionais, o máis axiña posible, calquera incidencia ou problema que xurda.
- g) O alumnado que non acredite nivel de idiomas, comprométese a realizar a formación idiomática a través da plataforma da Comisión Europea, OLS.
- h) O alumnado deberá subir á Aula Virtual deberá semanalmente informar das incidencias e relativas á mobilidade, tanto no desempeño da actividade de

¹ a xestión das obrigas indicadas nos puntos e) poden ser delegadas no equipo de traballo de programas internacionais do centro IES Fernando Blanco, e os gastos derivados dos pagos de contratación dos servizos serán descontados da bolsa de axuda á mobilidade.



formación ou práctica, como persoal. O alumnado deberá ir elaborando a documentación gráfica das evidencias da realización da docencia ou práctica, así como evidencias de intercambio cultural, etc.

- i) O alumnado deberá subir semanalmente á Aula Virtual a ficha de actividades de formación ou prácticas que desenvolve no centro educativo ou na empresa debidamente firmada/selada polo seu titor no centro educativo ou na empresa.
- j) O alumnado comprométese a realizar reunións on-line no caso de ser necesario.

*Despois da mobilidade *no prazo máximo de 15 días*:*

- a) O alumnado, tras regresar da mobilidade reunirse co Coordinador de programas Internacionais para xestionar a documentación final.
- b) Xustificar ao Equipo de Programas Internacionais ter realizado a viaxe e achegar a totalidade dos documentos requiridos (realizar a entrega a través da aula virtual):
 - Certificado da institución de destino sobre a estancia ou a formación recibida (con indicación de datas, horas e actividades realizadas): acordo de aprendizaxe asinado e outra documentación xustificativa
 - Documentos xustificativos da viaxe (tarxetas de embarque, billetes ou similares, ou declaración xurada en caso de uso de vehículo particular)
 - Memoria descritiva da mobilidade recollendo as experiencias máis salientables, incluíndo fotografías ou calquera outro formato de imaxe (vídeos, enlaces a redes sociais, etc).
- c) Encher a enquisa de valoración da mobilidade Erasmus+ (EU Survey).
(Recibirase un correo electrónico da Comisión Europea ao rematar a mobilidade)
- d) O alumnado comprométese a participar en actividades de difusión, tales como



vídeos para as redes sociais ou medios de comunicación locais, dando a coñecer a experiencia vivida e as aprendizaxes adquiridas.

Penalizacións por incumprimento das obrigas

A non realización de algunha destas tarefas no tempo establecido, implicará a súa eliminación do proceso selectivo nas seguintes convocatorias e a penalización do importe restante da axuda de mobilidade ata que estas sexan realizadas e entregadas

Rescisión da mobilidade:

En caso de retraso e/ou incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta Convocatoria por parte da persoa seleccionada, o Equipo de Programas Internacionais poderá rescindir a mobilidade concedida, correndo a cargo da persoa seleccionada os gastos ocasionados.

Que dereitos ten a persoa seleccionada?

Condicións económicas.

O beneficiario da mobilidade recibirá o axuda correspondente en 2 pagos a conta:

- 80% antes de partir de viaxe
- 20% despois de demostrar o cumprimento das obrigas que se indican no apartado correspondente.

O importe da axuda a percibir polo beneficio da mobilidade é calculado por unha aplicación da UE, denominada Beneficiary Module, onde en función do país de destino, os días de mobilidade e a distancia dende o lugar de orixe ao lugar de destino, calcula o importe da axuda a percibir. O beneficio, antes de realizar a mobilidade, asinará un convenio no que se estipulan as cantidades exactas a percibir.

Seguros

O IES Fernando Blanco porá a disposición do alumno un seguro de viaxe para cubrir eventualidades que poidan ocorrer fora do lugar de traballo,. A póliza de seguros terá as

seguintes coberturas:

- Seguro de viaxe.
- Responsabilidade civil.
- Accidentes e enfermidade grave (Incapacidade temporal ou permanente)
- Defunción (Repatriación)

O importe da póliza deducirase do importe da axuda a percibir polo beneficiario

Acreditacións

O IES Fernando Blanco acreditará a Mobilidade a través da superación do módulo das FCT.

Os documentos que o certificarán serán.

- Documento EUROPASS Mobility
- Suplemento EUROPASS ao título

Condicións da mobilidade

Cando se pode realizar a mobilidade?

A mobilidade poderase realizar dende que se publique a lista definitiva coa persoa seleccionada, e debe estar rematada o 31/07/2027.

No momento de realizar a mobilidade a persoa seleccionada debe estar matriculada no centro ou ser recen titulada

Opcións de mobilidade?

O proxecto conta co seguinte tipo de mobilidade:

- Mobilidades de corta duración (<1 mes), individuais ou en grupo de alumnado de FP Básica ou FP de grado Medio, para formación, e con docente acompañante



- número máximo de alumnas/os= **0**
- Duración da mobilidade= **0** días
- número máximo de docentes acompañantes= **0** (se é necesario mais docentes, poden solicitar unha mobilidade de persoal)
- Mobilidade de longa duración para realizar prácticas laborais en empresa.
 - número máximo de alumnas/os= **1**
 - Duración da mobilidade = de **1 a 3** meses

En que país se pode realizar a mobilidade?

Fóra de España, en calquera país da UE, tanto nos territorios continentais coma nos insulares.

Nestes momentos temos socios en:

Italia, Portugal e República Checa.

O alumnado pode aportar socios en calquera país da UE, para o cal terá que aportar un contacto para que o Equipo de traballo poda facer as xestión necesarias.

Cal é o importe aproximado da bolsa e que cubre?

O importe da axuda total depende do país de destino e vai destinada aos gastos de viaxe, aloxamento, manutención e taxas dos cursos durante a estancia (se os houber).

O importe da axuda a percibir polo beneficio da mobilidade é calculado por unha aplicación da UE, denominado Beneficiary Module, onde en función do país de destino, os días de mobilidade e a distancia dende o lugar de orixe ao lugar de destino, calcula o importe da axuda a percibir.

A continuación amósanse as táboas obtidas do SEPIE, relativas as axudas de viaxe e axudas individuais (para estancia, manutención, etc)



Ayudas de viaje: estudiantes y personal

Distancias ¹	En caso de viaje ecológico	En caso de viaje no ecológico
Entre 10 y 99 km:	56 EUR por participante	28 EUR por participante
Entre 100 y 499 km:	285 EUR por participante	211 EUR por participante
Entre 500 y 1 999 km:	417 EUR por participante	309 EUR por participante
Entre 2 000 y 2 999 km:	535 EUR por participante	395 EUR por participante
Entre 3 000 y 3 999 km:	785 EUR por participante	580 EUR por participante
Entre 4 000 y 7 999 km:	1188 EUR por participante	1188 EUR por participante
8 000 km o más:	1735 EUR por participante	1735 EUR por participante

¹ Calculadora de distancias disponible en https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/distance-calculator_es

¿QUIÉN PUEDE PERCIBIR CADA AYUDA?	Ayuda de viaje	Máx. 2 días adicionales de ayuda individual para viaje no ecológico	Máx. 6 días adicionales de ayuda individual para viaje ecológico ²
Estudiantes y personal	✓	✓	✓

² El viaje ecológico se define como aquel que utiliza medios de transporte con bajas emisiones en el tramo principal del trayecto, por ejemplo, el autobús, el ferrocarril o el automóvil compartido.

Fonte: SEPIE

Ayudas individuales: Movilidades físicas de estudiantes de larga duración (2 a 12 meses)

		IMPORTE BASE	AYUDAS ADICIONALES	
		ESTUDIOS	PRÁCTICAS	MENOS OPORTUNIDADES*
Grupo 1 Países con costes de vida más altos	Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos, Suecia. Países no asociados al programa de las regiones 13 y 14: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino, Islas Feroe, Reino Unido, Suiza.	entre 350-674 €/mes	+150 €/mes	+250 €/mes
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Países de la UE y asociados al programa: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal.	entre 300-606 €/mes	+150 €/mes	+250 €/mes
Grupo 3 Países con costes de vida más bajos	Países de la UE y asociados al programa: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumania, Serbia, Turquía.	entre 250-550 €/mes	+150 €/mes	+250 €/mes
Estudiantes de Canarias hacia países del grupo 1, 2 y 3		786 €/mes	+150 €/mes	no procede
Países no asociados al programa de las regiones 1 a 12		700 €/mes	no procede	+250 €/mes

* Puede encontrar más información sobre los estudiantes con menos oportunidades en la página 4 de este documento.

Grupo 1 Países con costes de vida superiores	Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos y Suecia. Terceros países no asociados al Programa de las regiones 13 y 14.
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal.
Grupo 3 Países con costes de vida inferiores	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía.

Fonte: SEPIE

Cando se recibe o importe da axuda?

Antes de realizar a mobilidade, aínda que pode ser necesario adiantar cartos (reserva de cursos, voos, aloxamentos,...).

Procedementos de inscrición e prazos

Cando se pode solicitar a mobilidade?

Dende o día **10/11/2025** ata **31/12/2025**, ambos incluídos.

Como se pode solicitar a participación nesta convocatoria?

Opción 2: Hai que cumprimentar os datos requiridos no formulario que podes atopar neste enlace **<https://ec.europa.eu/eusurvey/runner/b693d6ab-a849-8959-a287-1568a052b47d>** ou podes escanear o seguinte código QR:



No formulario poderás achegar a documentación xustificativa do coñecemento de idiomas, aínda que tamén a podes achegar en calquera momento, dentro do prazo, na aula virtual, cando se habilite o acceso.

Posteriormente segundo os datos aportados no formulario, matricularase ao alumnado no curso correspondente ao proxecto, onde deberá achegar o resto da documentación necesaria para participar no proceso de selección.

A través da aula virtual o alumnado



- recibirá notificación sobre requisitos de documentación,
- consultará os prazos de presentación de documentación ou para a realización de entrevistas
- consultará as listaxes de provisionais e definitivas de alumnado seleccionado.
- Presentará as alegacións e documentación xustificativa ás listaxes provisionais

Prazos

A parte dos prazos de solicitude da mobilidade, durante o proceso de selección abranse prazos para a presentación da documentación requirida e xustificativa, así como para presentar alegacións ao proceso de selección, etc. Estes prazos iranse comunicando a través do taboleiro de anuncios da aula virtual.

En Cee, 7 de Novembro de 2025

GRUPO DE TRABAJO PROGRAMAS INTERNACIONAIS

Maria Carmen Cacheiro Lado

Vanesa Vázquez Novo

Sonia Belén López Bugeiro

Marcos Álvarez Álvarez

Generosa Gey Piñeiro- Coordinadora